

ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA (AMTEGA) PARA A EVOLUCIÓN E O SOPORTE DE SISTEMAS DE INFORMACIÓN VENCELLADOS Á XESTIÓN DAS CONFRARÍAS DE PESCADORES DE GALICIA E AO APOIO DOS PROCESOS ELECTORAIS

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro formalizou coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue as anualidades 2026, 2027, 2028 e 2029.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) para a definición, evolución e soporte de novas funcionalidades nos sistemas de información de xestión das confrarías de pescadores de Galicia, así como nas aplicacións móbiles relacionadas co soporte e información nos procesos de eleccións que se desenvolvan.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se ven de asinar se fundamenta no seguinte:

A lei 9/1993, do 8 de xullo, de confrarías de pescadores de Galicia, establece no seu artigo 11 que as confrarías de pescadores e as súas federacións están suxeitas á tutela da administración pública galega que é exercida pola Consellería do Mar.

A Consellería do Mar, a través da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, ten entre as súas competencias o fomento da organización sectorial, que se desenvolve co apoio ao asociacionismo e proporcionando asistencia técnica ás confrarías de pescadores, organizacións de produtores da pesca e demais asociacións relacionadas co sector.



A Subdirección Xeral de Xestión, Ensino e Relacións Sectoriais da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ten atribuídas entre as súas funcións as actividades de fomento da programación e coordinación do ensino náutico-pesqueiro nos centros dependentes da consellería, a coordinación da formación, o asesoramento ás organizacións sectoriais e a programación e xestión administrativa, económica e orzamentaria da dirección xeral.

Mais en detalle, ao Servizo de Apoio e Relación coas Organizacións Sectoriais correspóndelle a asistencia técnica ás confrarías de pescadores e agrupacións sectoriais, recibir información das actividades das confrarías de pescadores, así como servir de canle ás relacións entre os distintos órganos do departamento e as confrarías de pescadores. Para o apoio no desenvolvemento destas funcións, existen varios sistemas de información realizados para esta unidade pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA).

As confrarías de pescadores son corporacións de dereito público e órganos de consulta e colaboración da Administración en materia de xestión e ordenación pesqueira. A través do Decreto 8/2014, do 16 de xaneiro, dispoñen dun marco xurídico, que lles permite adaptarse aos cambios constantes que se producen no sector, sobre todo no que ten que ver coa xestión dos recursos, co seu ámbito de organización e co funcionamento interno.

Pola súa parte, o artigo 9 do Estatuto da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, aprobado polo Decreto 252/2011, do 15 de setembro, e do posterior Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, recolle que a AMTEGA ten entre as súas competencias a dirección e xestión de todas as actuacións da Xunta en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións e o deseño e liderado de iniciativas que contribúan a impulsar o desenvolvemento da sociedade da información en Galicia, garantindo os dereitos dos cidadáns e eliminando as barreiras que se opoñan á expansión e uso.

Así mesmo, de acordo do artigo 5 do mencionado Decreto 252/2011, queda desconcentrada na persoa titular da dirección da AMTEGA a competencia para subscribir con entidades públicas e privadas, no seu nome, convenios de colaboración excluídos da lexislación de contratos do sector público.

Un dos eixes centrais da política tecnolóxica da Xunta de Galicia é a eficiencia na xestión dos fondos públicos e a AMTEGA é unha fórmula efectiva para consolidar este obxectivo. Deste xeito, estase a producir unha redución gradual nos custos de





desenvolvemento e implantación de sistemas tecnolóxicos. Con este aforro será posible a centralización das compras en materia tecnolóxica, conseguindo mellores prezos e condicións na súa obtención; a redución da estrutura organizativa; a consolidación das plataformas tecnolóxicas nun único CPD e o impulso do emprego dos software libre na Administración.

A Consellería do Mar, e a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) consideran esencial a participación conxunta para a adopción dun acordo de colaboración que permita xestionar, ademais das distintas funcionalidades dos sistemas de información vinculados á xestión das confrarías de pescadores, aqueles sistemas que posibiliten prestar o soporte e a cobertura necesarios ás confrarías nos distintos procesos electorais que se poidan producir.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez

